

TALLER DE ESCRITURA CREATIVA

De curta duración 2-3h (>14 anos)

Contidos

Durante o taller realizaranse distintos exercicios que lle darán forma á creatividade dos participantes permitíndolles escribir historias a partir de calquera idea que a súa imaxinación ofrezca.

Aquí amósanse uns exemplos das actividades que se realizarán:

- Creación de conflito como ferramenta que fai avanzar a trama e enriquece as escenas.
- Falemos do xeral en específico: como chegar ao lector e comunicar a mensaxe creada pola nosa imaxinación.
- Crear historias como Alice Adams: co apoio de material visual (dados, viñetas, fotografías, debuxos, etc) os participantes crearán historias curtas empregando a estrutura ABDCE de Alice Adams.

Estes exercicios poden ser realizados un número infinito de veces e é o seu exercicio o que favorecerá as capacidades dos seus participantes.

Quen pode participar

Este taller está dirixido a adultos ou mocidade maior de 14 anos.

Finalidade e competencias a adquirir

Familiarizarse co proceso creativo da escritura.

Exercitar a creación de novas ideas.

Desenvolver unha idea concreta e convertela nun texto escrito.

Motivación

Este taller está deseñado para introducir aos nenos e nenas á escritura. Fíxose a escolle particular da escritura creativa porque non só é un ámbito máis interesante para este grupo de idade se non porque tamén é unha habilidade que exercitada a idades temperáns pódese, nun futuro, aplicar tanto nun ámbito artístico como un ámbito laboral, o cal sempre se beneficia de unha boa capacidade de expresión.